



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta da sesión ordinaria **do pleno nº 03/15**

Data 15-04-2015

Acta anterior 25-02-2015



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D^a. Manuela García Saavedra

D. David Pintor Pazo

D. José Manuel Vázquez Vázquez

D^a Manuela García Freire

D. Paulino Vázquez Negro.

D. Jesús Regueira Freire.

D^a Ana María Sánchez Sánchez.

Non asisten

-

Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 03/2015

Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día quince de abril de dous mil quince.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as dezanove horas e doce minutos do día quince de abril de dous mil quince, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, réunese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai unha cidadá presente en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Aprobación, no seu caso, dos borradores das actas anteriores. (00' 01'')

A continuación e por unanimidade dos asistentes apróbanse as seguintes actas

Acta 01/15 de 29-01-2015.

Manuela García Freire indica que na páxina 6, no último parágrafo da acta, expónse que Alvaro García ergueu o dedo da man, pero ela viu que o secretario nese momento estaba escribindo polo que el non o puido ver. Debería de dicir que “o señor alcalde di que conste en acta que o sr. Alvaro García ergueu o dedo medio da man”

A raíz desta intervención prodúcese un forte debate, insistindo Manuela García que ela pide que conste que “foi o alcalde quen dixo”, que tal e como está na acta parece que todo o mundo o viu e que ela, por exemplo non o viu.

Tamén quere que conste que o alcalde levantou a sesión sen proceder á votación do asunto que se estaba a tratar e que tivo que ser o propio Alvaro García quen lle advertise que faltaba un punto por votar, e quere que conste que se pechou e que houbo que retomala.

O alcalde quere que conste a gravidade do feito protagonizado por Alvaro García e que todos, absolutamente todos sabemos o que fixo, que ergueu ese dedo e que mesmo Álvaro García admitiu que o fixera.

Sometidas as correccións propostas a votación, son rexeitadas por catro votos a favor e cinco en contra.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta 02/15 do 25-02-2015.

Paulino Vázquez Negro solicita que se corrixa o punto 1 no sentido de que a acta que lle faltaba era a 01/2015 e non a 17/2014. Acórdase corrixir o erro e non habendo máis anotacións á súa redacción nin contido apróbase esta acta.

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (08' 50")

A continuación procédese a comprobar a recepción das actas da xunta de goberno polos concelleiros, afirmando todos estalas recibindo con normalidade.

O alcalde vai indicando as actas da Xunta de goberno local que se remitiron coa data de remisión.

3.- Dar conta da liquidación do exercicio de 2014 (08' 53")

Toma a palabra o sr alcalde, quen informa que, xunto á convocatoria, remitiuse copia do informe de intervención e de estabilidade orzamentaria. Continúa realizando unha análise da situación do concello indicando, en resume, que o concello ten problemas de carácter estrutural, como son a escasa poboación, moi avellentada e con pouca industria. O resultado da liquidación a 31-12-2014 dá un déficit (remanente de tesourería para gastos xerais), negativo nunha cantidade moi importe, de 501.000, 00 euros, que se debe de matizar en función da existencia dunha gran cantidade de gastos efectuados con cargo a subvencións que aínda non foron ingresadas (desviacións negativas de tesourería) que deixarían en principio o déficit real nuns 213.000,00 euros, sen contar as subvencións correntes, tamén gastadas e aínda non liquidados os ingresos que quedaría nese caso en ao redor de 138.000,00 euros. Matiza que este concello ten moita dependencia das subvencións finalistas (sobre un 70%). Igualmente o resultado da estabilidade orzamentaria, que vén definida basicamente pola diferenza de gastos e ingresos nun exercicio, dá un resultado negativo nunha cantidade tamén elevada, (293.000 euros) que hai que matizar tamén na mesma cantidade. De feito, realizados os oportunos axustes a estabilidade orzamentaria quedará, probablemente, en algo máis de 45.000 euros, inferior ao do exercicio anterior grazas ás políticas aplicadas. Este concello ten pouca capacidade de actuación polo xa indicado, que sería o aumento de ingresos nos capítulos I, II ou III (impostos e taxas). Nós xa subimos varios. En canto á redución de gastos, temos feito, lixo, alumeados, teremos que seguir no control. Neste momento estamos practicamente ao día nos pagos a provedores. E non hai risco nos servizos básicos, que se prestan e se prestarán.

Sendo os (15' 00") cédelle a palabra á portavoz do BNG. Previamente Ana Sánchez (BNG) anota que hai un erro na convocatoria, pois fala de liquidación de 2015, cando debería dicir 2014. Constatado o erro, acórdase corrixilo.

A continuación toma a palabra Paulino Vázquez (BNG) quen fai fincapé en que imos quedar con cero euros para poder cubrir a realización de calquera obra necesaria para o concello, preguntando en concreto polo financiamento das obras de reparación da pista do Seixo recentemente realizadas, contestando o alcalde que eran unhas obras urxentes de mantemento dunha arqueta, había que



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

amañalo xa, o que provoca un breve debate pois non se poderían efectuar obras de investimento novo nin de reposición, indicando o alcalde que son de mantemento.

Paulino Vázquez anota que a liquidación non se presentou á Comisión de contas, indicando o alcalde que non é obrigatorio. Igualmente manifesta que non entende por que se vai tomar como base para reducir o déficit o do 2013 ando o do 2014 é menor. (Esta afirmación parte dun erro, que é explicado polo secretario, a petición do alcalde, pois o déficit no 2014 é maior que no 2013).

Sendo os (23' 50") danse por terminadas as intervencións sobre este punto.

4.- Proposta de redución de créditos do orzamento de 2015 (23' 50")

Xunto a convocatoria achegábase a proposta de alcaldía, informe de intervención e memoria. Está informada favorablemente pola comisión de contas por tres votos a favor (PP) e un en contra (BNG), sendo a proposta a aprobar a seguinte:

1.- Aprobar a redución de gastos no vixente Orzamento co seguinte resume:

Programa	Económica	Descrición	Créditos Iniciais	Baixa proposta	Crédito final
1621	22700	Limpieza y aseo	54.404,54	5.438,40	48.966,14
1621	22799	Recogida residuos Otros trabajos realizados	30.995,71	4.000,00	26.995,71
165	21000	Alumbrado público Infraestr.y bienes natura	33.126,00	8.000,00	25.126,00
165	22100	Alumbrado público Energía eléctrica.	54.837,00	9.000,00	45.837,00
334	48000	A Fam.e Inst.sin fines lu	20.000,00	8.000,00	12.000,00
459	60900	Ot.inv.infr y b.uso gral	15.000,00	15.000,00	,00
459	61900	Otr.inver.reposic.infraes	15.000,00	15.000,00	,00
920	21000	Administración general Infraestr.y bienes natura	31.260,00	3.762,85	27.497,15
920	21200	Administración general Edificios y otras constru	10.688,00	3.000,00	7.688,00
920	22000	Administración general Ordinario no inventariabl	13.518,00	3.000,00	10.518,00
920	22203	Administración general Informáticas.	10.000,00	3.000,00	7.000,00
920	22699	Administración general Otros gastos diversos.	47.632,11	9.000,00	38.632,11
920	22706	Administración general Estudios y trabajos técni	22.859,00	3.000,00	19.859,00
		Total	359.320,36	89.201,25	270.119,11

2.-Proceder a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de quince días hábiles, considerándose definitivamente aprobado de non se presentar reclamacións, que en caso contrario han de ser resoltas por este mesmo pleno.

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández explica brevemente a razón do presente expediente, que se debe ao feito de ter liquidado o exercicio de 2013 con déficit na cantidade de 89.201,25 euros, indicando as diversas opcións que ofrece a normativa, así como as cantidades que se van reducir, que son as mencionadas.

Sendo os (26' 37") toma a palabra a portavoz do BNG, Manuela García Freire quen pregunta de onde se van sacar os cartos en casos de necesidade de realizar obras como as da pista do Seixo. Continúa indicando que lle parece un despropósito total. O da enerxía e mais o de RRSU xa se falou o ano



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

pasado e non houbo nada, polo que non sabemos se crénnolo ou non, defendendo o alcalde que si se vai aforrar esas cantidades e que probablemente serán maiores, que ata este ano non puido ter repercusión por mor do dilatado do proceso de contratación, o que provoca un breve debate sobre estas cantidades

A continuación Manuela García Freire pregunta se se vai reducir o contrato coa empresa de mantemento informático, contestando o alcalde que non, que hai máis gastos nesa partida, non só os da empresa, e que, a maiores, funcionaria o principio de vinculación xurídica.

(31' 58") Manuela García Freire comenta que, se sobran esas cantidades, non entende porque se reduce nas axudas ás AAVV, producíndose un breve debate no transcurso do cal, en resume, contesta o alcalde que recibirán o de sempre pois, no seu caso, pódese facer unha modificación de crédito, preguntado Manuela García Freire se logo a redución vaise quedar en papel mollado, contestando o alcalde que de onde van saír os cartos será cousa miña, se sigo gobernando, ou vosa se goberna vostede.

A continuación Manuela García Freire empeza a ler un texto no que, en resume, di que, cando se presentou o PEF do exercicio de 2014, vostedes recoñecía que nós deixáramos saneado o concello e despois chegou a desfeita con vostedes, o que provoca unha interrupción do alcalde e un debate sobre se é unha opinión do BNG ou se é o que se deduce do propio PEF.

Manuela García Freire continúa lendo o texto, onde indica que as únicas medidas do PP foron incremento de impostos, taxas e prezos públicos nun momento de crise económica, desemprego e dificultades económicas para as familias. Interrompe o alcalde para preguntar ao secretario se se pode ler un panfleto político, o que provoca unha forte discusión entre concelleiros do BNG e o alcalde, indicando Manuela García Freire que está na súa quenda e que o texto que está lendo é a opinión do BNG, resumindo que a xestión do PP foi calamitosa e que a súa intervención foi política e non panfletaria.

(40' 47") Toma a palabra o alcalde Fernando Pérez Fernández, expoñendo que a suba dos impostos foi unha das medidas adoptadas, necesaria para poder incrementar os ingresos do concello, e que a crítica de que a súa xestión foi calamitosa refírese non só a económica senón a toda e que entón é moi fácil, que logo hai eleccións e os veciños valorarán a nosa xestión como hai catro anos valoraron a súa, o que provoca unha forte discusión. Manuela García interrompe para preguntar se subir os impostos é boa xestión, contestando o alcalde que consideramos que foi necesario sendo interrompido de novo coa frase “sen investimentos e con máis impostos”, e que veu aquí precisamente para falar de política, “é un pleno e somos políticos”.

Sendo os (46' 26") sométese o asunto a votación sendo aprobado por cinco votos (PP) a favor e catro en contra (BNG) a proposta da alcaldía, adoptándose en consecuencia, seguinte acordo:

1.- Aprobar a redución de gastos no vixente Orzamento co seguinte resume:



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Programa	Económica	Descrición	Créditos Iniciais	Baixa proposta	Crédito final
1621	22700	Limpieza y aseo	54.404,54	5.438,40	48.966,14
1621	22799	Recogida residuos Otros trabajos realizados	30.995,71	4.000,00	26.995,71
165	21000	Alumbrado público Infraestr.y bienes natura	33.126,00	8.000,00	25.126,00
165	22100	Alumbrado público Energía eléctrica.	54.837,00	9.000,00	45.837,00
334	48000	A Fam.e Inst.sin fines lu	20.000,00	8.000,00	12.000,00
459	60900	Ot.inv.infr.y b.uso gral	15.000,00	15.000,00	,00
459	61900	Otr.inver.reposic.infraes	15.000,00	15.000,00	,00
920	21000	Administración general Infraestr.y bienes natura	31.260,00	3.762,85	27.497,15
920	21200	Administración general Edificios y otras constru	10.688,00	3.000,00	7.688,00
920	22000	Administración general Ordinario no inventariabl	13.518,00	3.000,00	10.518,00
920	22203	Administración general Informáticas.	10.000,00	3.000,00	7.000,00
920	22699	Administración general Otros gastos diversos.	47.632,11	9.000,00	38.632,11
920	22706	Administración general Estudios y trabajos técni	22.859,00	3.000,00	19.859,00
		Total	359.320,36	89.201,25	270.119,11

2.-Proceder a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de quince días hábiles, considerándose definitivamente aprobado de non se presentar reclamacións, que en caso contrario han de ser resoltas por este mesmo pleno.

5.- Proposta de convenio co concello de Curtis para a prestación a través de dito concello do servizo de auga e saneamento en zonas lindeiras. (46' 41")

Xunto a convocatoria achegábase a proposta de convenio

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández explica brevemente que a redacción do presente convenio obedece a unha petición dos propios veciños da zona e aproveitando a próxima execución dunha obra na rúa Monólito en colaboración co concello de Curtis, que aproveitaremos para meter os tubos de saneamento. Engade que a adhesión polos veciños ao convenio non vai ser obrigatoria. O convenio é para o saneamento e, a maiores, para o abastecemento de auga e que se abre a posibilidade de incluír a zona de Sesmonde sen usar o bombeo e outras posíbeis ampliacións no futuro (rúa de Aserpal á rúa Monólito). Engade as condicións económicas que terán que pagar os veciños que se queiran adherir ao convenio (5,63 euros/mes).

Sendo os (51' 08") toma a palabra a portavoz do BNG Manuela García Freire, quen pregunta se a auga collerá a toda a zona de Sesmonde, contestando o alcalde que xa Curtis nos dera auga durante un tempo, cando a obra que deixara o BNG sen rematar da lexislatura anterior, durante 2 meses. É dicir existe esa posibilidade. Continúa Manuela García Freire que non quere entrar a valorar o dito polo alcalde comentando que xa había un convenio co concello de Curtis que nunca cumpriu o alcalde daquel concello.

A continuación hai un aclaración sobre o alcance do convenio, se é só sobre o saneamento ou tamén sobre a auga, quedando claro que o convenio abrangue os dous servizos, non sendo obrigatorio acollerse a ambos ao tempo e que o concello de Curtis quedaría obrigado a prestalo, agás en casos



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

excepcionais debidamente motivados ou as que se indican expresamente no propio convenio, o que provoca un forte debate sobre os incumprimentos pasados do concello de Curtis. O alcalde indica que no papel queda clara a proposta de convenio.

Sendo os (1h. 00' 14") sométese o asunto a votación sendo adoptados por unanimidade dos asistentes, que constitúen a maioría absoluta da corporación, o seguinte acordo

- 1.- Aprobar a proposta de convenio co concello de Curtis para a prestación a través de dito concello do servizo de auga e saneamento en zonas lindeiras.
- 2.- Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.
- 3.- Delegar no alcalde presidente para a realización de cantos trámites sexan precisos para a tramitación do presente acordo e, en concreto, para a sinatura do mesmo.

6.- Mocións (1h 00' 25")

Previamente ao estudo deste punto da orde do día a portavoz do BNG solicita a inclusión dunha moción por urxencia en relación á Sanidade do concello. O alcalde indica que se vai proceder á votación da urxencia, que o concello xa está actuando e que probablemente vai haber un pleno antes das eleccións e que non coñecen a moción. A continuación procédese a votación da urxencia, resultando rexeitada a mesma por catro votos a favor (BNG) e cinco en contra (PP)

A continuación prodúcese un debate con interrupcións sobre as actuacións que xa esta a realizar o concello, falando do retraso na entrega das receitas, e que se debe de meter a moción polo Rexistro canto antes para que entre no vindeiro pleno (alcalde) e os problemas existentes que provocan a urxencia (Manuela García Freire), entre frecuentes retiradas da palabra polo alcalde, que finalmente accede a que se explique, dicindo que a razón da urxencia é que o médico definitivo tiña que estar xa e non o está e non vai vir ata dentro de quince días se é que vén e acusando ao PP de non considerar esta situación urxente.

A/ Escrito con número de RE 430 de data 08-04-2015 presentado polo grupo municipal do BNG, denominada "Moción a prol do mantemento dos rexistros civís" (1h 03'24")

Antes do inicio deste punto abandona a sesión a concelleira do BNG Ana Sánchez Sánchez.

A continuación dáse conta do Escrito con número de RE 430 de data 08-04-2015 presentado polo grupo municipal do BNG, denominada "Moción a prol do mantemento dos rexistros civís"o", o cal incluíase na documentación remitida xunto á convocatoria da sesión, que se unirá como **anexo ao presente acordo e anexo I** á acta do presente pleno.

Toma a palabra a portavoz do BNG Manuela García Freire, quen explica brevemente as razóns da moción, indicando, entre outros aspectos, que o Rexistro civil que estaba en todos os concellos vai



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

pasar só ás capitais de provincia e que vai ser de pago e que ese pago vai ir ao peto dos Rexistradores, non da administración. A continuación le a proposta de acordo:

1.- *Expresar o rexeitamento ao Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, instando ao Goberno do estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro civil aos rexistradores da propiedade e mercantís.*

2.- *Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade nas funcións que prestan os rexistros civís.*

3.- *Dar traslado do presente acordo ao Goberno central e a Xunta de Galiza.*

O alcalde contesta indicando que na súa opinión hai erros na proposta e proponendo unha emenda que le: *“Instar ao Goberno central a que as reformas legais que se adopten garantan unha administración de xustiza eficaz e próxima aos cidadáns, o aproveitamento das vantaxes das novas tecnoloxías, o mantemento dos postos de traballo dos funcionarios destinados actualmente no Rexistro civil e a que as xestións do Rexistro civil sigan a ter un carácter gratuito e se poidan seguir levando a cabo no concello de Vilasantar”.*

Manuela García entende que se debería manter o parágrafo 2 da súa proposta “A Xunta de Galiza”, e pide ao alcalde que a volva ler, o que este fai despois de aclarar que o Rexistro civil será público e gratuito. Manuela García Freire comenta que non se fala da paralización do traspaso aos Rexistradores da propiedade e mercantís e o alcalde reconece que non, contestando a portavoz do BNG que non hai acordo. O alcalde le un texto explicativo das razóns da normativa do Goberno (queixas aos funcionamentos dos rexistros civís, que esixe a súa modernización, polo que se pretende desxudicializar o Rexistro pasándoo aos Rexistradores da propiedade, o que permitirá a súa xestión electrónica e automatización que evite a tramitación presencial. Isto non suporá ningunha privatización do servizo pois os Rexistradores tamén son funcionarios e manterase a gratuidade e a titularidade estatal)

Interrompe o concelleiro do BNG para preguntar se o lido polo alcalde non é un panfleto, o que provoca unha nova discusión.

Sendo os (1h 10'15") sométese o asunto a votación sendo rexeitada po tres votos a favor (BNG) e cinco en contra (PP).

7.- Rogos e Preguntas (1h 10' 34")

A/ Revista do concello (1h 10'01")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pide a contestación que presentaran no pleno anterior sobre a factura da revista e, en concreto, cal era o acordo cos redactores, contestando o alcalde que aínda non remitiron a factura e que a equipa de goberno cada catro meses informa das xestións do concello, que non é unha revista, e que a factura xa a presentará, que no pleno anterior equivocárase e que si vai haber factura.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

B/ Paralización do expediente disciplinario ao aparelador (1h 12' 45")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta por quen asinou a paralización do expediente do aparelador e a data, contestando o alcalde que el non se lembra da data, indicando a portavoz do BNG que no pleno anterior dixo que contestaría neste e non o fai, que o vai pedir por escrito e se non nolo dá iremos onde teñamos que ir. O alcalde contesta que xa nun pleno dixerá que o expediente paralizárase porque había un procedemento penal

C/ Listado de direccións de obra e redacción de proxectos (1h 14'43")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, solicita información sobre a situación do listado de direccións de obra e redacción de proxectos, contestando o alcalde que lla dará mañá mesmo a Paulino Vázquez.

D/ Parque eólico (01h 15' 06")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta se hai algúns escrito oficial da Xunta de Galiza de paralización da tramitación do Parque eólico do Monte da Corda, contestando o alcalde que si, pero que non sei se é da Xunta, iniciándose unha discusión sobre se xa se preguntara máis veces ou non.

E/ Alumeado de Présaras (01h 16' 13")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta se o alumeado de Présaras cumpre a normativa de luminosidade, contestando o alcalde que se vai facer unha pequena modificación na semana que vén ou en quince días e que será cargo da empresa.

F/ Peche do depósito de San Vincenzo (01h 16' 50")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta polo peche do depósito de San Vincenzo e se xa se resolveu o relativo ás distancias do peche á estrada, contestando o alcalde que son as mesmas distancias dos depósitos que deixaron vostedes, indicando Paulino Vázquez (BNG) que foi Medio Rural quen fixo o depósito de Ril, que eles non pecharan ningún depósito pegado á estrada.

Iníciase un debate sobre se houbo unha denuncia formal ou non, contestando Paulino que, entón, a esta a haber agora, neste pleno e indicando o alcalde que queda constancia da nova queixa do peche e que se estudará e que haberá que facer un informe técnico que xustifique o peche e, senón, cambialo.

G/ Obradoiro de emprego con Curtis e Sobrado (01h 19' 25")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta polo Obradoiro de emprego con Curtis e Sobrado, e que polo que entende terá que aportar 5.000 euros, contestando o alcalde que aínda non chegou a resolución e que cando chegue falaremos.

H/ Achega municipal ás obras do POS (01h 20' 13")



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta pola cantidade que ten que aportar o concello ás obras do POS, contestando finalmente o secretario, a petición do alcalde, que neste momento son ao 100%.

I/ Xunta de goberno local extraordinaria (01h 21' 21")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta por que se fixo unha sesión extraordinaria en decembro para pagar unha factura de indemnización de gastos ao alcalde, contestando o alcalde, despois dunha discusión, que foi por un problema de quórum, pois el, obviamente, non podía estar presente.

No transcurso do debate o concelleiro David Pintor (PP) di que se marcha, o que provoca unha nova discusión. Finalmente non abandona a sesión.

J/ Festa dos maiores (01h 23' 39")

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta por que nunca invitan ao seu grupo á festa dos maiores, que se é unha festa do PP, contestando o alcalde que o sinte, o que inicia unha discusión moi forte.

Non se presentan máis preguntas.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as vinte horas e trinta e seis minutos (duración, por tanto de 1h 24' 43"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.